



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal.
Proxecto:	<i>Parque Eólico As Penizas</i>
Concello:	Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra)
Promotor:	Greenalia Power S.L.U.
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas, Delegación Territorial de Pontevedra, Consellería de Economía Emprego e Industria.
Clave:	IN408A 2017/06
Expte.:	03.I.425.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2957/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 17.02.2020 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se solicita informe relativo ao Estudo de impacto Ambiental e Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal do *Parque Eólico As Penizas*, promovido por Greenalia Power, S.L.U. A estes efectos facilítase o enlace web para descargar a documentación de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

Con data 13.11.2017 a directora xeral resolve autorizar a Enrique Álvarez Veira á realización da *Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico As Penizas (A Estrada, Cerdedo e Forcarei; Pontevedra)* promovido por Greenalia Power, S.L.U.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)*
- *Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13 do 18.01.2013)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*

De acordo co establecido no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no artigo 13.3 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e demais normativa vixente de aplicación, solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

Estudo de Impacto Ambiental

- No Anexo nº 3 do EIA, Estudio de Impacto Arqueolóxico, non constan os resultados da prospección arqueolóxica autorizada nin a avaliación do impacto sobre os bens culturais (inclúese só o proxecto da prospección) polo que é imposible valorar as afeccións.

Proxecto Sectorial

- No referente as propostas de modificación dos planeamentos municipais, proponse que a superficie vinculada ao parque eólico se cualifique como solo rústico de protección de infraestruturas enerxéticas nos dous concellos. Nos planos de nova ordenación (nº 4.1 e 4.2) non se identifican nas lendas o tipo de solo proposto.
- No seu punto 3.5, *Proteccións culturais*, inclúe a necesidade de que o proxecto de execución incorpore un estudio da avaliación do impacto sobre o patrimonio histórico e unha prospección arqueolóxica. Sinálase a solicitude dun permiso para a realización de dita prospección. Na documentación presentada non se aportan os resultados desta intervención arqueolóxica.

De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal

galicia

Territorio, constátase que dentro da poligonal do parque eólico e no seu contorno próximo existen numerosos bens do patrimonio cultural catalogados -*Necrópole do Campo das Santas* (GA36018 040, 080, 081, 082, 083, 084 e 085), *Mámoa de Castrelo* (GA36018012), *Mámoa da Lagoa do Medio* (GA36011060), *Necrópole do Outeiro dos Corvos* (GA36011 006, 007, 008, 009, 010, 011, 012, e 013) e conxunto parroquial de Santa María de Tomonde- que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e os seus accesos se non se adoptan medidas protectoras ou correctoras.

Asemade, é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico e etnográfico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia deste tipo de bens non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. Sirvan como exemplo os antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas.

INFORME

Para poder avaliar axeitadamente a afección da construción do parque eólico As Penizas sobre o patrimonio a arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico é necesario ter en conta as seguintes consideracións:

- O Estudo de Impacto Ambiental incorporará unha avaliación do impacto sobre os bens do patrimonio cultural, coas medidas correctoras oportunas, de todo o ámbito afectado polo proxecto, tanto do parque eólico (definido pola poligonal do proxecto) como dos accesos a empregar ata o parque eólico. Para iso, amais do traballo de campo, consultaránse os catálogos das figuras de planeamento en vigor dos concellos afectados polo proxecto, así como os arquivos existentes na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, o Plan Básico Autonómico e os distintos visores do Instituto de Estudos do Territorio.
- Incorporaranse os resultados da *Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico As Penizas (A Estrada, Cerdedo e Forcarei; Pontevedra)*, dirixida polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira.
- Os bens do patrimonio cultural localizados e as súas áreas de protección representaranse nunha cartografía a escala significativa. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*.
- A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- O Proxecto Sectorial deberá recoller a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural e correxir os defectos de forma nos planos de nova ordenación.

Polo tanto, para poder emitir informe sobre o Estudo de Impacto Ambiental e o Proxecto Sectorial do parque eólico As Penizas en relación co patrimonio cultural deberase completar a documentación solicitada.

Documento asinado electronicamente Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

Dirección Xeral de calidade Ambiental e Cambio Climático, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Xacobeo 2021

Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
Cerdedo-Cotobade e Forcarei (Pontevedra)
Estudo de impacto ambiental e Proxecto sectorial

